



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BARRO

a) CONDICIÓN XERAIS.

O presente Prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que, xunto coas establecidas no correspondente Prego de condicións técnicas, rexerán a contratación e execución do Servizo de Axuda no Fogar, por procedemento aberto, con un único criterio de valoración.

O contrato ao que se refire este Prego ten natureza administrativa, e en todo o non previsto no mesmo, estarase ó disposto no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, (en adiante TRLCSP) no Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de contratos do sector público e demais normativa aplicable.

b) OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do presente contrato é a prestación do Servizo de Axuda no Fogar do concello de Barro regulado pola normativa autonómica e pola ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de Barro (BOP nº 28 do 11/02/2014) e prego de prescricións técnicas.

O contrato ten a natureza de contrato de servizos, de acordo co artigo 10 do TRLCSP, ao que lle corresponde a codificación CPV- 85310000-5

c) PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto, tramitación ordinaria, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de conformidade co previsto nos artigos 157 e seguintes do TRLCSP.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa,

4. DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato será de un ano, contado dende a data de inicio da actividade, podendo ser prorrogado por trimestres, mediante acordo do órgano de contratación, que resultará obrigatorio para o contratista, de acordo co establecido no artigo 23 do TRLCSP, sen que a duración total do contrato, incluídas as prorrogas, poida exceder de dous anos.

5. TIPO DE LICITACIÓN.

O prezo do contrato ven determinado polo prezo máximo da horas de prestación de cada tipo de servizo, establecéndose a estes efectos os seguintes prezos unitarios:

	PREZO	I.V.E.	PREZO TOTAL
Servizos dependencia laborais	12,35 €	4%	12,84 €
Servizos dependencia domingos e festivos	13,38 €	4%	13,92 €



Servizos libre concurrencia laborais	12,35 €	10%	13,58 €
Servizos libre concurrencia domingos e festivos	13,38 €	10%	14,72 €

Aos efectos de determinar o importe da garantía definitiva, de acordo co establecido no artigo 95.3 do TRLCSP, o presuposto base de licitación do contrato, que resulta de aplicar o prezo unitario por hora ós actuais usuarios do servizo estableceuse en 180.000,-€/anuais, IVE incluído por ser o custo do servizo prestado no ano 2013

Os licitadores formularán as súas proposicións especificando o prezo ordinario e extraordinario, de acordo co anexo I, indicando como partida independente o imposto sobre o valor engadido.

Entenderase que as ofertas dos licitadores inclúen os tributos que sexan de aplicación de acordo coa lexislación vixente.

6.- FINANCIACIÓN DO CONTRATO.

O prezo do contrato abonarase ó adxudicatario fraccionado por mensualidades vencidas, mediante presentación da factura na que se indicará o número de horas efectivamente prestadas no mes correspondente. Á factura uniráselle a relación do persoal adscrito a cada servizo e deberá levar o informe favorable do departamento de Servizos Sociais.

O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 2014.0.233.22706 do orzamento municipal do exercicio correspondente, asumindo o Concello a obriga de consignar nos orzamentos sucesivos a cantidade que resulte necesaria para o seu financiamento.

7. REVISIÓN DE PREZOS.

De conformidade co establecido no artigo 89 e seguintes do TRLCSP a revisión de prezos terá lugar sempre que se executase, polo menos, o 20% do seu importe e transcorrese un ano dende a súa formalización, polo que durante o prazo de execución inicial do contrato non procede a revisión de prezos.

En caso de prórroga do contrato, o importe de adxudicación revisarase por una sola vez, aplicando sobre o mesmo o 85% da variación que experimente o índice de prezos ao consumo, dende o inicio do contrato, de acordo co establecido no artigo 90.3 do TRLCSP.

8. GARANTÍA PROVISIONAL.

Dadas as características do contrato non se esixe a constitución de garantía provisional.

9. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer á licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursoas en prohibición para contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. Así mesmo as empresas licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia, área de servizos comunitarios e inclusión social

Así mesmo poderán concorrer á licitación as unións de empresarios que se constituán temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública, de acordo co establecido no artigo 59 do TRLCSP.



A estes efectos as empresas que compoñen a unión de empresarios deberán indicar nomes e circunstancias das que a constitúan, debendo presentar cada unha delas a documentación esixida no Prego.

No suposto de resultar adxudicataria a unión de empresarios deberá constituírse formalmente en escritura pública, así como presentar o CIF, antes da formalización do contrato. A duración da mesma será coincidente coa duración do contrato.

10. PERFIL DO CONTRATANTE.

Co fin de asegurar a transparencia e acceso público á información relativa á contratación, ademais de anunciar a licitación no BOP, de acordo co artigo 142 do TRLCSP, publicarase o anuncio de licitación no perfil do contratante do concello de Barro na paxina web do concello

Os interesados poderán consultar a documentación relativa ao procedemento de contratación no perfil do contratante ou directamente no departamento de servizos sociais do Concello.

Os gastos de publicidade da licitación serán por conta do adxudicatario, e seu importe será descontado da primeira factura que presente.

11. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

As proposicións para participar no procedemento de adxudicación presentaranse, en horario de atención ó público, no rexistro xeral do concello, dentro do **prazo de quince días naturais** contados a partir do seguinte a aquel no que se publique o último anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do contratante, en aplicación do establecido no artigo 159.2 do TRLCSP. No caso de que o anuncio de licitación non se publique de forma simultánea o prazo de presentación contarase a partir da última publicación.

As proposicións tamén poderán presentarse en calquera dos lugares aos que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións pública e do procedemento administrativo común. Neste suposto só se admitirán as proposicións cando se xustifique que foron presentadas dentro do prazo de presentación de proposicións, sendo preciso anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta dentro do mesmo prazo, mediante fax, correo electrónico, telegrama, ou calquera outro medio apropiado que deixe constancia da presentación. En todo caso, non se terán en conta as proposicións que non se reciben no Concello dentro dos sete días naturais seguintes á finalización do prazo de presentación.

As proposicións presentaranse, en dous sobres pechados, según modelo que se inclúe como **Anexo III**. Os sobres estarán asinados polo licitador, debendo figurar nos mesmos o domicilio a efectos de notificacións, así como a conta de correo electrónico no seu caso, e denominaranse da seguinte forma:

SOBRE A", titulado "Documentación administrativa", incluirá:

4. Documentación acreditativa da personalidade do licitador e capacidade de obrar:

- Cando se trate de empresario individual: fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento que o substitúa, da persoa que presente a proposición.
- Cando se trate de persoa xurídica: escritura de constitución, e modificacións no seu caso, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade debidamente inscritos no correspondente rexistro oficial. Aportarase así mesmo fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.



- Cando se trate de empresas comunitarias: a capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro que proceda de acordo coa lexislación do estado onde estean establecidas ou mediante declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación..
- Cando se trate de empresas non comunitarias: as empresas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. Así mesmo deberán presentar un informe de reciprocidade no que se faga constar que o estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración de forma substancialmente análoga. Ademais será necesario que acrediten que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

5. Documento que acredite a representación.

Os licitadores que non actúe en nome propio ou cando se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá presentarse copia notarial do poder de representación, bastanteadado polo Secretario do Concello.

Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

Igualmente a persoa con poder bastanteadado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada do seu documento nacional de identidade.

6. Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.

Os licitadores deberán presentar unha declaración responsable de que a empresa non se encontra en ningunha das circunstancias de prohibición de contratar previstas no artigo 60 do TRLCSP, e que incluírá a declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de acordo co modelo que se incorpora como anexo I ao presente Prego.

d) Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional:

1. A acreditación da solvencia económica e financeira, de acordo co establecido no artigo 75, en relación coa disposición transitoria cuarta do TRLCSP, realizarase por calquera dos seguintes medios:
 - i. Declaración apropiada de entidade financeira ou, no seu caso xustificante da existencia de un seguro de indemnización por riscos profesionais.
 - ii. Declaración sobre o volume global de negocios no ámbito da prestación de servizos de axuda no fogar, referido aos tres últimos exercicios, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.
2. A acreditación da solvencia técnica e profesional, de acordo co establecido no artigo 78, en relación coa disposición transitoria cuarta do TRLCSP, realizarase polos seguintes medios:
 - a. Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado dos mesmos, debidamente certificados conforme ao establecido no apartado 1.a) do citado artigo 78 e relacionados co servizo de axuda no fogar.
 - b. Indicación do persoal técnico cualificado participante no contrato.
 - c. Detalle dos medios técnicos a empregar na axeitada prestación do servizo de axuda no fogar.



- d. Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

e. Documentación complementaria

As empresas licitadoras deberán acreditar a inscrición no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais, area de servizos comunitarios e inclusión social, mediante a presentación do documento expedido pola Xunta de Galicia.

A non aportación da inscrición será motivo de inadmisión da oferta.

f. Disposición común as empresas estranxeiras (comunitarias e non comunitarias).

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición de tribunais e xulgados españois de calquera orde para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia no seu caso ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle poida corresponder ao licitador, tal como establece o artigo 146.1.e) do TRLCSP.

g. Unións temporais de empresas.

Os empresarios que concorran á licitación en unión temporal constituída ao efecto deberán indicar os nomes e circunstancias de cada un deles, porcentaxe de participación, representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo e compromiso de constituírse formalmente en escritura pública, antes da formalización do contrato, no caso de que resultaran adxudicatarios do contrato, de acordo co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

h) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que distintas empresas vinculadas, conforme ao establecido no artigo 145 do TRLCSP, concorran á licitación deberán presentar unha declaración indicando dita circunstancia así como a razón social de todas as empresas pertencentes ao mesmo grupo que participan no procedemento de contratación.

9. Rexistro oficial de licitadores.

Os licitadores que se encontren inscritos en algún rexistro oficial, poderán presentar a correspondente certificación da inscrición, quedando dispensados de presentar os documentos que consten no rexistro oficial.

10. Índice de documentos.

Dentro do sobre, en folio independente, incluírase un índice enunciando os documentos que o integran.

SOBRE “B”, titulado “Proposición económica”: incluírá:

- a) Oferta económica, asinada polo licitador, na que se expresará o prezo ordinario e o prezo



extraordinario de execución do contrato, debendo figurar como partida independente o IVE, e que deberá formularse de acordo co modelo que figura como anexo II deste Prego.

As propostas por correo só se admitirán cando se xustifique a data de imposición na oficina correspondente dentro do prazo de presentación de proposicións, sendo preciso anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama, dentro do mesmo prazo. En todo caso, non se terán en conta as ofertas que non se reciben no Concello dentro dos tres días naturais seguintes á finalización do prazo de presentación.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional, por parte do licitador, das cláusulas dos pregos que rexen a contratación.

Cada licitador non poderá presentar mais dunha proposición, nin poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outro se a presentou individualmente, nin figurar en mais dunha unión temporal.

Os documentos poderán ser presentados en orixinal ou, no seu caso, por medio de copias debidamente cotexadas.

12. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Non se establecen criterios de valoración que non sexan a oferta economicamente máis ventaxosa que se puntuará conforme o criterio establecido na cláusula 16.

13. MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de Contratación estará constituída do seguinte modo:

- Presidente: O Sr. Alcalde ou concelleiro en quen delegue.
- Vogais:
 - a. A Traballadora Social do concello.
 - b. O Secretario Interventor do concello
 - c. Un concelleiro/a de cada un dos grupos políticos que compoñen a corporación
- Secretaria: O Técnico de Xestión do concello

14. COMITÉ DE EXPERTOS

Non se considera necesaria a súa constitución o valorarse ta soio a proposta económica.

15. APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

A apertura de proposicións terá lugar no Salón do Plenos do Concello as 12:00 do terceiro día hábil seguinte o de remate do prazo de presentación de ofertas.

En primeiro lugar a mesa de contratación procederá á apertura dos sobres A, e cualificación da documentación administrativa das proposicións presentadas.

A mesa de contratación poderá conceder un prazo, non superior a tres días naturais, para que os licitadores poidan corrixir os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada. O requirimento para a emenda da documentación presentada realizarase a través do correo electrónico, telefax, ou calquera outro medio que permita deixar constancia da súa rección polo interesado.

Unha vez cualificada a documentación contida nos sobres A, a mesa procederá á apertura dos sobres B, "Proposición económica", que se realizarase en acto público, ao que serán convocados os



licitadores a través do perfil do contratante do concello, que se levará a cabo no prazo non superior a sete días contados dende a apertura dos sobres A.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

A mesa de contratación, unha vez valoradas as ofertas, formulará proposta de adxudicación a favor da proposta que resulte mais vantaxosa, que elevará ao órgano de contratación acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións. Dita proposta non crea dereito algún en favor do licitador proposto fronte á administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta da mesa deberá motivar a súa decisión (art. 160.2 do TRCSP)

16. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS.

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e admitidas á licitación, que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais dacordo co establecido nos artigos 151 e 152 do TRLCSP

Menor prezo ofertado.

As ofertas valoraranse ata 10 puntos, de conformidade co seguinte criterio: valorarase 10 puntos á oferta máis baixa das admitidas. A puntuación das restantes establecerase en base á seguinte fórmula:

$$P = \frac{10 \times Y}{X}$$

Onde P é a puntuación que corresponde a cada licitador, X é o prezo da oferta a considerar e Y o prezo da mellor oferta.

A non realización de baixa suporá a valoración con 0 puntos.

Requerirásese ao licitador que presentara a oferta economicamente mais vantaxosa, para que no prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Así mesmo deberá acreditar que dispón dos medios que tivese comprometido adscribir á execución do contrato, de acordo cos Pregos e coa oferta realizada, e de ter constituída a garantía definitiva.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

17.- GARANTÍA DEFINITIVA.

O adxudicatario constituíra a garantía definitiva, en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP, por importe do 5% do presuposto base de licitación do contrato, establecido na cláusula 5 deste Prego.

A garantía non será cancelada ata que estea cumprido o contrato satisfactoriamente e teña transcorrido o prazo de garantía.

18. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.



O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación presentada polo licitador.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha proposición que sexa admisible de acordo co establecido no Prego.

O acordo de adxudicación deberá ser motivada e notificarse aos licitadores, publicándose simultaneamente no perfil do contratante do Concello, de acordo co disposto no artigo 151.4 do TRLCSP.

A notificación deberá conter a información necesaria que permita aos licitadores excluídos ou candidatos descartados interpor recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación, conforme ao establecido no artigo 40 do TRLCSP.

19. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

De conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP, o contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os gastos que ocasione.

20. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas nos Pregos de cláusulas administrativas e no contrato, observando fielmente o establecido no Prego de condicións técnicas, adscribindo á execución do contrato os medios materiais e persoais ofertados polo contratista adxudicatario, e seguindo as directrices do departamento de servizos sociais do Concello, a estes efectos a administración designará un responsable do contrato que se encargará de supervisar a súa execución e adoptar as decisións necesaria para asegurar a correcta prestación do servizo.

O persoal que interveña na prestación do servizo dependerá exclusivamente do adxudicatario, sen que o concello teña responsabilidade algunha sobre o mesmo.

21. OBRIGAS DO CONTRATISTA.

O contratista será responsable da calidade do servizo e está obrigado a cumprir todas as obrigas que se deriven do contrato, con estrita suxeición aos mesmos, así como a normativa vixente en materia fiscal,

No caso de accidente ou prexuízo de calquera xénero ocorrido ós traballadores con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixente baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance en modo algún ó Concello.

O contratista estará obrigado o cumprimento da normativa laboral, de seguridade social e de prevención e riscos laborais así como ó abono das retribucións ó persoal de conformidade do establecido no convenio colectivo de aplicación vixente, facilitando, no seu caso, o concello os medios necesarios para a comprobación de dito cumprimento.

O contratista e persoal ao seu servizo teñen a obriga de custodiar a información e documentación á que teñan acceso e gardar sxiilo respecto dos datos que coñezan con motivo da execución do contrato. A estes efectos o contratista deberá formar e informar ao persoal das obrigas derivadas da lexislación de protección de datos de carácter persoal de xeito que queden garantidos os dereitos establecidos na citada lexislación.



O Adxudicatario estará obrigado a pagar os tódolos impostos, taxas e prezos públicos aplicables ó contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato.

No suposto eventual de folga legal no sector ó que pertencen os traballadores adscritos ó servizo, a entidade adxudicataria deberá manter informado permanentemente ó departamento responsable do departamento de servizos sociais, das incidencias e desenvolvemento da folga, debendo presentar informe no que se indiquen os servizos mínimos prestados e o número de horas ou servizos no seu caso, que se deixaran de prestar.

O contratista será responsable dos danos e prexuízos que se produzan, para o concello ou para terceiros, como consecuencia das omisións ou erros cometidos na execución do contrato. **A estes efectos, deberá contratar unha póliza de responsabilidade civil por importe de 300.000,-€, para facer fronte a posibles indemnizacións por danos e prexuízos, debendo depositar no Concello o xustificante do pago das primas correspondentes.**

O adxudicatario deberá designar un representante da empresa, que se encargará da boa marcha do servizo e que será o interlocutor co Concello, e que deberá manter as reunións que sexan precisas cos responsables do contrato nomeados pola administración, para coordinar os traballos obxecto do mesmo.

22. SUBROGACIÓN DE PERSOAL.

No caso de existencia de persoal asignado o servizo o adxudicatario está obrigado a subrogarse na contratación do persoal de conformidade co establecido na normativa e en aplicación do convenio colectivo en vigor.

Os licitadores deberán ter en conta as condicións laborais dos empregados para elaborar as súas ofertas.

En anexo o presente prego consta a relación de persoal asignado o servizo de axuda no fogar

23. DEREITOS DO CONTRATARIATA.

O contratista ten dereito a que se lle abone a prestación realizada de acordo co establecidos no presente Prego, e nos termos que recolle o artigo 216 do TRLCSP. Así mesmo terá dereito a transmitir os dereitos de cobro de acordo co disposto no artigo 218 do referido Texto legal.

24. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

Corresponde ao órgano de contratación interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, así como acordar a súa modificación por razóns de interese público ou resolvelo determinando os efectos da resolución.

A execución do contrato levarase a cabo baixo a dirección, inspección e control do órgano de contratación. A estes efectos deberá nomear un responsable para supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións necesaria para asegurar a correcta prestación do servizo.

En caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos no mesmo por causas imputables ó adxudicatario, o órgano de contratación poderá optar indistintamente por declarar resolto o contrato, con perda da garantía ou impoñer ó adxudicatario penalidades de acordo co establecido no artigo 212 do TRLCSP.

Os importes das penalidades faranse efectivos mediante a dedución dos mesmos da facturación que se produza, en todo caso a garantía responderá da efectividade de aquelas.

25. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.



O Concello poderá modificar o contrato por razóns de interese público, e para atender a causas imprevistas, sempre que non afecten as condicións esenciais do mesmo e xustificando debidamente a súa necesidade no expediente, de conformidade co establecido no artigo 219 do TRLCSP. As modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP.

26. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos establecidos no artigo 223 e 308 do TRLCSP, sendo acordadas polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do adxudicatario, e cos efectos previstos nos artigos 225 e 309 do mesmo Texto refundido.

Considerarase que existe incumprimento das obrigas contractuais esenciais, de acordo co establecido no artigo 223.f) do TRLCSP, cando se incumpra o compromiso de dedicar os medios materiais e persoais suficientes para a execución do contrato, así como obstaculizar as facultades de dirección e inspección do servizo ou o incumprimento da obriga de o deber de custodiar a información e documentación á que teñan acceso e gardar sixilo respecto dos datos que coñezan con motivo da execución do contrato.

27. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O contrato terá carácter administrativo e seranlle de aplicación as normas contidas relativas á contratación administrativa e de dereito administrativo, sendo competencia da xurisdición contencioso administrativa para coñecer das cuestións litixiosas que xurdan entre as partes en relación coa súa preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción, de conformidade co establecido no artigo 21 do TRLCSP, sen prexuízo das previsións establecidas no artigo 40 e seguintes do TRLCSP, respecto do recurso especial en materia de contratación.

DILIXENCIA.- para facer constar que o presente Prego de cláusulas administrativas, xunto cos seus anexos, foi aprobado en sesion plenario de data 29/05/2014

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

"D..... Con DNI e domicilio enprovincia de..... rúa nº..... (en nome propio ou en representación da empresa....., CIF con domicilio en) á que representa no procedemento de adxudicación do contrato: **servizo de axuda no fogar do concello de Barro,**

DECLARA:

- d. Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).